

INFORMACIÓN PARA AS FAMILIAS 4º DE PRIMARIA

Neste documento falarase sobre diversos puntos que son de relevancia para que os pais/nais/titores legais dos alumnos e alumnas de 4º estean informados.

EQUIPO DE DOCENTES DE 4º DE PRIMARIA:

O profesorado titor é o seguinte:

- 4º A: M^a Jesús Martínez Guntín
- 4º B: María Figueroa Cotelo
- 4º C: M^a Jesús Pombo López

E o profesorado especialista:

- Francisco León Martínez → Mestre de Educación Física.
- Sandra Outón López → Mestra de música.
- Mónica Rodríguez Martínez → Mestra de lingua estranxeira (inglés).
- M^a Dolores Macenlle García → Mesta de PT (Pedagogía Terapéutica).
- Pilar Chao Valle → Mestra de AL (Audición e Linguaxe).
- María del Carmen Facal Traba → Mestra de relixión.

NORMAS DE AULA:

Ademais das habituais doutras veces, as derivadas da Covid-19 son as seguintes:

1. Hixiene ao entrar.
2. Dirixirse á súa mesa e deixar as cousas nela.
3. Colocar o material no caixón e non se pode compartir.
4. Non circular pola clase, excepto urxencia.
5. Non quitar a máscara na clase agás para mudala.
6. Lavar as mans antes da parva.
7. Recollemos de xeito ordenado e non deixamos cousas enriba da mesa.
8. Se alguén se atopa mal, avisar ao mestre/a.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN, PROMOCIÓN, CUALIFICACIÓN...: Próximamente poderá consultar esta información na programación de 4º que se colgará na páxina web do colexio.

DATAS DE AVALIACIÓN PARA O PRESENTE CURSO:

Son as seguintes:

1º trimestre: 22-12-2020.

2º trimestre : 26-03-2021.

3º trimestre: 22-06-2021.

Os boletíns serán publicados en **Abalar Móbil** e entréganse antes das vacacións (Nadal, Semana Santa e en xuño o último día de curso). Se algunha familia non ten acceso debe comunicalo para enviar o boletín por outro medio.

ABSENTISMO:

Considérase absentismo cando as faltas non xustificadas superen o 10% das sesións totais do mes. O mestre titor levará un rexistro diario das faltas de asistencia da súa aula.

Tomaranse as medidas contempladas no Decreto 229/2011 e no Protocolo de Absentismo. Pódese acceder a el no seguinte enlace: <https://www.edu.xunta.gal/portal/node/11632>

FERRAMENTA ABALAR MÓBIL:

A través desta ferramenta podemos: Consultar as cualificacións, faltas de asistencia, avisos ou notificacións por parte do profesorado ou do centro educativo, solicitar unha cita de titoría. Por último, recórdase a importancia de ter descargada a aplicación.

SAÍDAS DO CENTRO:

Calquera saída do centro durante o horario lectivo deberá ser rexistrada no libro de rexistro de recollidas que o conserxe ten á súa disposición na entrada. O alumno en cuestión poderá ser recollido por unha persoa autorizada pola familia.

AULA VIRTUAL DO CENTRO:

Pódese acceder á aula virtual do centro a través do seguinte enlace:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipgalan/aulavirtual/login/index.php>

Para acceder a ela será necesario empregar o usuario e o contrasinal que foron enviados a través de Abalar a cada unha das familias.

HORA DE LER:

De 30 minutos de duración, na que se realizan distintas modalidades de lectura: en voz alta, silenciosa, identificación de ideas principais e secundarias...

A “Hora de Ler” ten unha estreita relación co Plan Lector do centro, onde se materializan as propostas xerais no ámbito da lectura.

TITORÍAS E ATENCIÓN A FAMILIAS:

O horario de titorías será o luns de 17:00 a 18:00. Debido á situación actual causada pola Covid-19 serán preferentemente por vía telefónica. En breve procederase a contactar coas familias para resolver dúbidas.

Existe a posibilidade de que as chamadas se realicen con número oculto.

INFORMACIÓN NA PÁXINA WEB DO CENTRO:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipgalan/>

Un saúdo.

Equipo de mestres e mestras de 4º.